

**INSTRUMENTOS ESTADÍSTICOS DE INVESTIGACIÓN  
EMPRESARIAL**

**3º CURSO DE ADE (optativa)**

**Curso 2007-2008 (2º cuatrimestre)**

<b>PROFESORADO</b>	<b>DESPACHO</b>	<b>TITORÍAS</b>	<b>C.ELECTRÓNICO / Teléfono 981-563100</b>
Angela Troitiño Cobas	141	2º Cuatrimestre Luns 17-20h Mércores 10-13h	ectroiti@usc.es Ext. 11556

**CRÉDITOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS**

Esta materia optativa consta dun total de 6 créditos, dos que 1 crédito é teórico e 5 prácticos, polo que a totalidade da materia será impartida na aula de informática (Aula I2)

**OBXECTIVOS**

Proporcionar ao/á estudante o coñecemento e busca de fontes estatísticas de información económica e empresarial, así como o manexo de paquetes estatísticos en ordenador para a realización e interpretación de análises estatísticas descritivas e de inferencia. Así mesmo, farase especial fincapé na elaboración de informes económico-empresariais para promover tanto a comunicación oral como escrita.

**METODOLOXÍA DO ENSINO**

As clases impártense na súa totalidade na aula de informática, empregando como ferramenta o ordenador. As clases son prácticas na súa maioría, manexando paquetes estatísticos como o SPSS ou o Excel. O papel do alumno será especialmente activo como "cabeza pensante" que debe seleccionar e aplicar as técnicas estatísticas e os programas informáticos axeitados cara a análise de problemas económico-empresariais.

Tamén se aplicarán técnicas de dinámica de grupos, deseñando actividades que permitan a busca de información, posta en común, discusión e obtención de conclusións sobre temas concretos (ex. aplicación das técnicas estatísticas; elaboración de informes; grandes estatísticas, ...)

## **HABILIDADES A ADQUIRIR**

---

- Habilidade para a busca de información documental e/ou numérica sobre temas do campo económico-empresarial.
- Habilidade na busca e manexo de fontes de información estatística, no coñecemento das súas potencialidades e problemas, así como familiarización cos organismos encargados da súa elaboración (INE, IGE, EUROSTAT, OCDE,...).
- Habilidade para i) recuperar bases de datos de diferentes formatos dende programas informáticos (SPSS, Excel,...) e, en especial, ii) a realización de análises de estatística descritiva e inferencial empregando os ditos programas.
- Ser capaz de i) seleccionar o tipo de análise estatística que interesa en cada caso segundo a problemática a estudar, ii) realizar a dita análise, e iii) interpretar correctamente os resultados da mesma.
- Capacidade para a elaboración de informes e traballos de calidade axeitadamente estruturados e argumentados, baseándose na análise estatística da información empírica existente. Habilidade para a presentación-defensa oral do traballo realizado.

## **CRITERIOS E SISTEMA DE AVALIACIÓN**

---

A avaliación será CONTINUA. A participación activa nas clases, as prácticas a realizar polo alumno fóra do horario de clases así como a calidade do informe que deberá elaborar ó longo do cuadrimestre constitúen os instrumentos fundamentais de avaliación, polo que se lles asigna un grande peso na cualificación final. En concreto, a avaliación do traballo continuado ó longo do curso determinarase tendo en conta os seguintes criterios:

- ✓ Asistencia e participación activa nas clases (20% da nota final; cada falta descontará 0.15 puntos ata un máximo de 2 puntos)
- ✓ Prácticas a entregar (7 prácticas, 35% da nota final; cada unha das prácticas entregadas valerá ata un máximo de 0.5 puntos)
- ✓ Calidade do proxecto elaborado e da súa exposición (45% da nota final).

Por suposto, de non superar a materia a través da puntuación obtida pola avaliación continua (ou no caso de querer mellorar a cualificación acadada), cabe presentarse ó exame final na convocatoria oficial, nas datas fixadas pola Facultade. Neste caso, para superar a materia é preciso ter superado o exame. Ademais, a cualificación global da materia terá en conta tanto a puntuación obtida na avaliación continua como no exame (puntuando este sobre un máximo de 5 ptos).

## **RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDIO DA MATERIA**

---

- Asistencia continua a clase e participación na mesma
- É imprescindible realizar un traballo persoal e/ou en pequeno grupo, continuo dende o primeiro día. Só baixo tal suposto, a materia resultará doada e frutífera, e a cualificación satisfactoria.

Observacións: recoméndase ter superada a 'Estatística Empresarial I' e 'Estatística Empresarial II', materias nas que se imparten os conceptos e técnicas estatísticas que empregaremos e que se supón que o alumno coñece.

**CURSO VIRTUAL** <http://www.usc.es/campusvirtual/>

## **PROGRAMA**

---

### **UNIDADE I. COMO ELABORAR INFORMES E TRABALLOS DE CALIDADE. BUSCA DE INFORMACIÓN, ANÁLISE, REDACCIÓN E PRESENTACIÓN**

FONTES DE INFORMACIÓN DOCUMENTAL E ESTATÍSTICA  
SELECCIÓN E APLICACIÓN DE ANÁLISES ESTATÍSTICAS  
ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE INFORMES DE CALIDADE  
CONCEPTO  
CARACTERÍSTICAS  
ESTRUTURA  
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E FORMAL  
PRESENTACIÓN ORAL  
AVALIACIÓN  
PLANIFICACIÓN TEMPORAL  
POSTA EN PRÁCTICA

### **UNIDADE II. ANÁLISE ESTATÍSTICA DA REALIDADE ECONÓMICA, SOCIAL E EMPRESARIAL A TRAVÉS DO USO DE PROGRAMAS ESTATÍSTICOS**

O MANEXO DE DATOS A TRAVÉS DO SPSS  
MENÚ PRINCIPAL E AXUDA  
TIPOS E ESTRUTURA DOS FICHEIROS  
LECTURA DE DATOS EN DIFERENTES FORMATOS  
TRANSFORMACIÓN DE DATOS, OPERADORES E FUNCIÓNS  
ORDENACIÓN, PONDERACIÓN E SELECCIÓN DE CASOS  
CÁLCULO E RECODIFICACIÓN DE VARIABLES  
TRANSPOSICIÓN, FUSIÓN, AGREGACIÓN E SEGMENTACIÓN  
O SPSS COMO POTENTE FERRAMENTA PARA A ANÁLISE ESTATÍSTICA:  
SELECCIÓN DE TÉCNICAS ESTATÍSTICAS; APLICACIÓN E  
INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS  
REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS  
ANÁLISES DESCRIPTIVAS  
FRECUENCIAS E DESCRIPTIVOS  
TÁBOAS DE CONTINXENCIA  
EXPLORACIÓN DE DATOS, INFORMES  
ASOCIACIÓN, CORRELACIÓN E REGRESIÓN  
NÚMEROS ÍNDICES E TAXAS DE VARIACIÓN  
SERIES TEMPORAIS, ETC.  
ANÁLISES DE INFERENCIA ESTATÍSTICA  
INTERVALOS DE CONFIANZA  
CONTRASTES DE HIPÓTESES  
CONTRASTES NON PARAMÉTRICOS, ETC.

## BIBLIOGRAFIA

---

### BÁSICA

- Clanchy, J. e Ballard, B. (2000): *Cómo se hace un trabajo académico. Guía práctica para estudiantes universitarios*. Pressas Universitarias. Zaragoza.
- García-Clairac, S. (1999): *Presentaciones en público*. Ed. Díaz de Santos. Madrid.
- Garland, J.C. (1991): "Advice to beginning physics speakers". *Physics Today*. 45(7)
- Golanó, C. e Flores-Guerrero, R. (2002): *Aprender a redactar documentos empresariales*. Ed. Paidós Ibérica S.A. Barcelona.
- Pardo Merino, A. e Ruiz Díaz, M.A. (2002): *SPSS11. Guía para el análisis de datos*. Mc Graw Hill. Madrid.
- Troitiño Cobas, A. (2007): *Como elaborar informes e traballos de calidade. Busca de información, análise, redacción e presentación*. Unidade didáctica I. Vicerreitoría de Cultura. USC.
- Webster, A.L. (1996): *Estadística aplicada a la empresa y la economía*. Ed. Irwin. Madrid

### COMPLEMENTARIA

- Álvarez Sáiz, M. (2000): *Análisis estadístico con SPSS: procedimientos básicos*. Universidad de Deusto. Bilbao.
- Ferrán Aranaz, M. (2001): *SPSS para Windows. Análisis Estadístico*. Mc Graw Hill. Madrid.
- Ferrán, M. e Vaquero, A. (1999): *SPSS para Windows: Programación y Análisis Estadístico*. Mc Graw Hill. Madrid.
- Houp, K.W., T.E. Pearsall e T. Tebeaux (1998): *Reporting technical information*. Allyn and Bacon.
- Pérez López, C. (2001): *Técnicas Estadísticas con SPSS*. Prentice Hall. Madrid.
- Pérez López, C. (2002): *Estadística aplicada con Excel*. Prentice Hall. Madrid.
- Visauta Vinacua, B. (2002): *Análisis estadístico con SPSS 11.0 para windows*. Mc Graw Hill. Madrid.

### INFORME / TRABAJO ACADÉMICO-CIENTÍFICO

---

Unha parte importante do traballo do alumno consistirá na elaboración dun informe, que deberá realizar ó longo do cuadrimestre e presentar ó final do mesmo.

Cara á planificación temporal do mesmo, sinálanse como datas límites as seguintes:

- 4ª semana de clases, entrega do título e esquema de contidos (1-2 páxinas);
- 12ª semana, entrega do borrador do informe;
- 13ª semana, titorías individualizadas para poñer en común as bondades e deficiencias do borrador entregado;

- Derradeira semana de clase, entrega da versión definitiva do informe e exposición-defensa do mesmo en horario de clase. A exposición durará aproximadamente 15'. Extensión recomendada, 15-25 páxinas.

## **CONSEGUE UNHA VERSIÓN DEMO DE SPSS 15.0**

---

SPSS permite descargar unha versión de demostración do programa cunha duración de 14 días de avaliación. Para obter a copia de demostración é necesario rexistrarse cubrindo os campos obrigatorios na seguinte páxina

[http://www.spss.com/downloads/Papers.cfm?ProductID=00035&Name=SPSS\\_Base&DLType=Demo&source=homepage&hpzone=product\\_download](http://www.spss.com/downloads/Papers.cfm?ProductID=00035&Name=SPSS_Base&DLType=Demo&source=homepage&hpzone=product_download)

SPSS 15.0 for Windows - (164MB) Download a full, working copy of SPSS for Windows® and try it for yourself. SPSS is a modular, tightly integrated, full-featured software comprised of SPSS Base and a range of add-on modules. Each module—SPSS Advanced Models™, SPSS Categories™, SPSS Complex Samples™, SPSS Conjoint™, SPSS Data Preparation™, SPSS Exact Tests™, SPSS Maps™, SPSS Missing Value Analysis™, SPSS Regression Models™, SPSS Tables™, SPSS Trends™, and SPSS Classification Trees™—adds extra functionality to your system. This evaluation copy will install SPSS Base and all add-on modules. If you want to install the SPSS Programmability Extension, visit [www.spss.com/devcentral](http://www.spss.com/devcentral) and click on the "Download" link to download the SPSS Python Integration Plug-In. If you purchase SPSS after the evaluation period, please consult your local sales office to ensure you order the correct modules for the features you require. Please note that this software trial will expire in approximately 14 days and is for evaluation purposes only.